



“Sorpréndeme que, malia a súa violencia intrínseca, a familia é a institución máis resistente”

[Montse Dopico](#) 10 de abril de 2020

<https://praza.gal/cultura/sorprendeme-que-malia-a-sua-violencia-intrinseca-a-familia-e-a-institucion-mais-resistente>

Alicia Fernández gañou o premio Fiz Vergara Vilariño con ‘Mamá Pelicano’, o seu segundo poemario en quince anos tras ‘Botar o mar polos ollos’. O xurado destacou, no seu día, deste libro, o tratamento da familia e da maternidade desde un punto de vista “descarnado”. E hai dor, como a autora mesma recoñeceu, nestes versos. Unha ferida que non se pode ou non se sabe aliviar. Xunto cun amor “absoluto”. De nai, quizais. E a carón tamén das violencias que enxendra a familia. Alicia respondeu as nosas preguntas por correo electrónico.

Primeiro a pregunta inevitable: que supuxo para ti o premio?

Xa que volvíñ escribir, a posibilidade de volver publicar. Tamén pagar algunha débeda e preparar certas cousas materiais para o nacemento da miña segunda filla. Mesmo comprei un sofá para ver series.

Había moito tempo que non publicabas un poemario. Non atopabas o tempo?

En quince anos, evidentemente, tiven tempo para todo. Fun escribindo algunhas cousas pero non me preocupeí demasiado delas. Se non escribín máis, non foi por falta de tempo nin por falta de ganas, senón por desinterese.

Mamá pelicano sangra, ten unha ferida, unha fenda. E a voz poética que fala non sabe que facer con ela, ou como aliviarlla. Que é a ferida neste libro?

Aquilo co que, xustamente, non sabemos que podemos facer e que nunca poderemos aliviar, a fenda da que nacemos e que nos permite, algún día, que nos xurda unha voz, aínda que a vida poida continuar sen a poética.

Mamá pelicano é tamén amor absoluto. Como se a súa fenda, a súa ferida, fose tamén o seu útero que nos acolle. Ten a fenda de Mamá pelicano ese dobre significado?

Creo que non lle corresponde a quen escribe destripar a ave e ser oráculo do propio libro. A poesía, que se dá nesa fenda, ten tantos sentidos coma lecturas sexan quen de completala, e eu son incapaz de ver o pelicano desde fóra do peteiro.

Hai pelicanos, e gaivotas, e peixes pequenos en Mamá pelicano. Por que o pelicano?

O pelicano é un símbolo do amor maternal. Hai lendas que contan como, cando non atopa comida, se abre a si mesmo co peteiro para ofrecerlle o sangue ás crías. Na cristiandade simbolizou a Paixón de Cristo.

Non lembro cando apareceu ese pelicano e, obrigada agora a repensar o proceso, sorpréndome de como esa Mama pelicano que só quería sacar adiante as súas crías puido chegar a dar un libro. Unha non é consciente do que pode desencadear unha imaxe, no sentido literal, que un día calquera nos vén a cabeza. Non son consciente do momento no que comezou todo.

Ao principio e ao final do libro a voz poética fala da angustia de entrar na casa. Polo medio hai como recordos da infancia, da familia. Cal é a importancia da familia en 'Mamá pelicano'? Como é a infancia da voz poética?

A nai crea a familia e a familia é o sistema que dá sentido a esa figura. Da infancia da voz poética non sei máis nada ca o que puiden indagar e descubrir escribindo o libro. Todo está nos poemas e non hai nada alén deles.

A figura do pai tamén está presente, pero doutra maneira, máis indirecta se cadra. E o pai asóciase á vergoña "herdada" da coxeira. Hai, parece, bastante violencia nesa infancia. Por que?

Toda familia reproduce esquemas violentos que se concretan en distintas dinámicas e mesmo se encarnan en certos individuos por procesos que descoñezo. O que máis me sorprende é que malia esa violencia intrínseca a familia é a institución máis resistente, nada puido acabar con ela, e mesmo parece que vaia saír agora reforzada desta crise que estamos a vivir.

Pode percibirse tamén un sentido de comunidade, de apoio, entre mulleres. Cun fondo, quizais, de carencia material. Por que? Ten algo que ver tamén cun sentido de ausencia por parte de figuras masculinas?

Non sabería como responder a iso. Se a voz poética ten esa carencia, non é porque eu a tivera: na miña casa as figuras masculinas tiveron sempre un grande protagonismo, para ben e para mal.

A voz poética (a que fala en primeira persoa), foi filla e irmá, e tamén é nai. Mais a maternidade aparece moi asociada no poemario á experiencia física da mesma. A unha vontade de fusión, parece. Por que a maternidade aparece tan asociada a esa vontade?

A maternidade é unha experiencia física. A dor do parto favorece a vinculación co bebé, a crianza é un proceso esgotador e toda a aprendizaxe dos fillos nos primeiros meses de vida pasa pola relación entre os corpos, pola comunicación corporal coa nai, sobre todo, e cos outros membros da familia que estean implicados na crianza.

Noutra entrevista comentaches que o proceso de creación deste libro fora lento. E que incluso comezaras a pensalo moito tempo antes de escribilo. Podes falar un pouco dese proceso?

Tiña o libro na cabeza desde había dez anos, mais non foi ata que me distanciei da vida compostelá, tan endogámica, e puiden estar soa nun lugar axeitado cando comezou a saír nun proceso que se alongou case dous anos. Supoño que necesitaba un afastamento real.

O xurado do premio destacou as “imaxes sorprendentes e impactantes”. Non che vou preguntar a ti se son sorprendentes, pero supoño que si hai algo consciente na creación de imaxes, (e non outras figuras literarias), nunha linguaxe bastante directa ou na contención do verso. Como foi, nese sentido, a escrita en comparación co teu poemario anterior?

A Alicia do primeiro libro non é a Alicia nai que vive noutro país e leva unha vida que non ten nada que ver con aqueloutra. Si que me dei conta de que son capaz de escribir poemas máis longos, dentro da brevidade que me caracteriza. En canto ao estilo, tería que reler os dous libros un tras doutro para valoralo, e con dous fillos pequenos é un exercicio imposible e totalmente secundario.

Foi un poemario, ti mesma o dixeches, doloroso para ti. Mais cara ao final a voz poética di que é bonito recoñecerse desde a angustia de entrar na casa. É como un recoñecerse nun lugar que é a vez casa e estrañamento. Algo propio e alleo. Pódese dicir que, finalmente, tras a dor vén o alivio?

Como xa apuntei, é a dor do parto a que permite que o corpo segregue as substancias necesarias para crear o vínculo entre o bebé e a nai. A dor non acalma, pero dá lugar á vida.

Algo máis que queiras comentar?

Nestes momentos gustaríame mandarvos forza a todas as persoas que facedes posible a cultura.